

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 16 DE XANEIRO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Estrada da estrada provincial EP-7021 Berres-Vilancosta.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se encomenda á Secretaría Xeral para o Deporte a creación do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia e a redacción do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia 2020-2025.
- Acordo polo que se toma razón do encargo que realizará á empresa pública de Servizos Galegos S.A. (Seaga) para a execución do programa galego de vixilancia e control fronte á avéspera asiática (vespa velutina).

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se somete a consulta pública previa a elaboración do Anteproxecto de Lei de protección e avaliación ambiental de Galicia.

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante acordo marco, da subministración de próteses valvulares cardíacas con destino aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de vinte e sete millóns novecentos sete mil trescentos oito euros (27.907.308€).
- Acordo polo que se autoriza a contratación, mediante a Acordo marco, da subministración de próteses valvulares aórticas con destino aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, por un importe de corenta e dous millóns douscentos oitenta e catro mil catrocentos euros (42.284.400 €).

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se aproba o Regulamento polo que se rexerán os contratos temporais de xestión pública e o fondo de melloras.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre os incrementos salariais que beneficiarán os empregados públicos da Administración autonómica no ano 2020.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre as axudas para apoiar ao colectivo autónomo en Galicia.
- Informe sobre os parques eólicos postos en funcionamento en 2019 en Galicia e previsións para 2020.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre o balance da actividade de promoción turística de Galicia en 2019.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA AO CONCELLO DA ESTRADA DA TITULARIDADE DA VÍA PROVINCIAL BERRES-VILANCOSTA**

- ***Trátase dunha vía de 1,2 quilómetros que discorre polo concello, dando acceso ao lugar de Vilancosta desde o lugar de Berres***
- ***Co cambio de titularidade, o concello pontevedrés terá a competencia para actuar nesta vía e asume as responsabilidades da súa conservación e mantemento***
- ***O decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se autoriza o cambio de titularidade da vía provincial Berres- Vilancosta a prol do Concello da Estrada.

O Concello da Estrada solicitou á Deputación Provincial de Pontevedra a transferencia da estrada provincial EP-7021, unha vez realizadas as obras de mellora de seguridade viaria neste tramo que conecta Berres e Vilancosta.

Esta vía provincial discorre polo concello e dá acceso ao lugar de Vilancosta desde o lugar de Berres, separados por unha distancia de 1,2 quilómetros.

A Administración provincial de Pontevedra acordou aprobar o cambio de titularidade proposto, polo que emite informe favorable para a transferencia deste treito e solicita o cambio de titularidade desta estrada á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

A transferencia a prol do Concello tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo executivo autonómico, o concello pontevedrés terá a competencia para actuar nesta vía e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## **A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE CREARÁ O REXISTRO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E O PLAN XERAL DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS**

- ***A Lei 2/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, dedica o título VI ás instalacións deportivas, abordando a creación do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia no Capítulo I e a regulación do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos no capítulo II***
- ***O Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos determinará os criterios xerais de actuación e a situación xeográfica das instalacións e equipamentos deportivos de interese xeral, establecerá as determinacións e a súa tipoloxía técnica e sinalará as etapas necesarias para a súa execución***

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao acordo polo que se encomenda á Secretaría Xeral para o Deporte a creación e custodia do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, así como a redacción do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia (PIEDGA) 2020-2025.

A Lei 2/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, dedica o título VI ás instalacións deportivas e aborda a creación do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia no capítulo I e a regulación do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos no capítulo II. Así, no artigo 77 dispónse que lle corresponde á Administración autonómica “a creación e custodia do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, no que se inscribirán as instalacións deportivas de uso público da Comunidade Autónoma”. Pola súa parte, o artigo 78 establece que “co obxecto de garantir unha apropiada utilización dos recursos que as administracións públicas destinen á promoción do deporte, elaborárase o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, do que deberá informarse oportunamente o Parlamento de Galicia”.

O obxecto do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos será o a ordenación e o fomento do sistema galego de infraestruturas deportivas atendendo á súa estrutura e cualificación -ampliación, diversificación, mellora e modernización do parque deportivo existente na Comunidade Autónoma de Galicia-; ás necesidades da poboación, ao equilibrio territorial e á xeneralización da práctica deportiva e física, sen distinción de sexo, idade, condición física ou social; ao aumento da calidade de vida, ao benestar social e ao desenvolvemento integral saudable dos cidadáns e cidadás; á garantía dunha apropiada utilización dos recursos e á dispoñibilidade dos recursos e en coherencia cos criterios de planificación territorial, ambiental -respecto e protección do medio- e demais contidos que se establezan.

O devandito plan determinará os criterios xerais de actuación e a situación xeográfica das instalacións e equipamentos deportivos de interese xeral, establecerá as determinacións e a súa tipoloxía técnica e sinalará as etapas necesarias para a súa execución. Será revisado

cada cinco anos a fin de conseguir a súa actualización e adaptación ás necesidades deportivas.

### **Traballo previo**

A Secretaría Xeral para o Deporte ten como unha das súas prioridades acadar uns hábitos de vida saudables para toda a poboación galega que afasten a posibilidade de contraer enfermidades provocadas polo sedentarismo, tal e como demostra o Plan galego para o fomento da actividade física Galicia Saudable, unha iniciativa que se articula a través da Secretaría Xeral para o Deporte e a Fundación Deporte Galego.

Dentro deste plan destaca a plataforma Galicia Activa que é un banco de recursos xeo-referenciado que aglutina todas as instalacións deportivas ou recreativas públicas, privadas, convencionais e non convencionais (actividades, servizos, pavillóns, espazos naturais, parques...). O obxectivo desta plataforma é facilitar aos cidadáns a procura de recursos dispoñibles na súa contorna, divulgar entre a cidadanía a gran cantidade e diversidade de recursos dispoñibles en Galicia, e manter actualizada ao día unha base de datos de recursos de toda clase de promoción da actividade física, o exercicio físico e o deporte.

Esta plataforma na cal está traballando a Secretaría Xeral para o Deporte conxuntamente coa Fundación Deporte Galego contén a día de hoxe e grazas a un traballo realizado desde 2012 un total de preto de 2.000 recursos publicados e conta coa participación de case 2.500 xestores externos como entidades, concellos, clubs ou asociacións deportivas. Galicia Activa é o mellor traballo previo para a elaboración do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia.

## **A XUNTA ENCARGARÁ Á EMPRESA PÚBLICA SEAGA A RETIRADA E DESTRUCCIÓN DOS NIÑOS NO MARCO DO PROGRAMA DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE A VESPA VELUTINA**

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de acordo polo que a empresa pública de Servizos Galegos (Seaga) será a encargada de executar o programa galego de vixilancia e control fronte á vespa velutina***
- ***Nun prazo máximo de 5 días, dende que se dea aviso ao 012, retiraranse os niños situados a menos de 25 m de altura e en lugares accesibles en que se poida actuar con seguridade***
- ***Xunta e Fegamp acordaron o pasado outubro poñer en marcha de maneira coordinada e conxunta este plan, que conta cunha dotación de 2,3 millóns de euros***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de acordo polo que a empresa pública de Servizos Galegos (Seaga) será a encargada de executar o programa galego de vixilancia e control fronte á vespa velutina coa retirada e destrución dos niños da vespa velutina en todo o territorio galego, cun prazo máximo de 5 días hábiles desde que os cidadáns avisen mediante chamada ao 012.

A Xunta e a Fegamp acordaron o pasado outubro poñer en marcha de maneira coordinada e conxunta este plan, que conta cunha dotación de 2,3 millóns de euros, a través de fondos propios da Administración autonómica e do Fondo de Cooperación Local. O Goberno galego xa vén traballando desde o 2014 nun programa de vixilancia e control para minimizar o impacto da vespa asiática na comunidade e, ante o aumento da súa presenza, decidiu redobrar os esforzos e actuar coa Fegamp coa posta en marcha deste plan para frear o seu avance.

O Plan de loita contra a vespa velutina baséase na concentración de recursos para eliminar os seus niños na nosa comunidade e ofrecer unha resposta profesional e eficaz de forma homoxénea en todas as zonas afectadas. Desta forma, a Xunta, en colaboración cos concellos que se adhiran a este plan, realizará os traballos de retirada de niños da vespa velutina.

Por tanto, agora dáse un paso máis e para conseguir a máxima eficiencia na retirada de niños a Xunta contará cola colaboración da empresa Seaga que conta con persoal axeitadamente formando para levar a cabo estas actuacións e conta co material e medios necesarios para a realización das actividades (EPI, escadas, pértegas, sprays insecticidas, arneses de seguridade, material informático, vehículos...). Ademais, o persoal disporá da formación requirida na lexislación vixente, en concreto o Real decreto 830/2010, do 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas.

As actuacións obxecto de encargo para vixilancia e control da vespa velutina consisten na eliminación e retirada de niños por parte da Xunta de Galicia en colaboración cos concellos que se adhiran a esta iniciativa, que a día de hoxe son 275 concellos. Retiraranse nestas condicións os niños situados a menos de 25 metros de altura e en lugares accesibles en que se poida actuar con seguridade cos sistemas empregados de eliminación e neutralización. Cando os niños sexan inaccesibles, o tempo de resposta poderá ser superior aos 5 días.

### **Outras actuacións**

A Xunta potenciará tamén o portal da internet Eido local ([www.eidolocal.gal](http://www.eidolocal.gal)) como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións, así como a información relativa á xestión de todos os avisos de niños de vespa velutina recibidos polo 012 respecto do seu ámbito territorial.

En contrapartida os concellos que se adhiran a este programa asumirán o compromiso de coordinarse coa Xunta de Galicia na retirada de niños de forma que os concellos, a requirimento da administración autonómica, prestarán a súa colaboración realizando as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de vespa velutina cos seus medios propios.



## **O GOBERNO GALEGO INICIA A TRAMITACIÓN DA SÚA PROPIA E PRIMEIRA LEI DE PROTECCIÓN E AVALIACIÓN AMBIENTAL DE PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS**

- ***O Consello da Xunta acorda iniciar unha consulta pública para que a cidadanía dispoña dun período en que trasladar as súas achegas sobre esta nova lei que se pretende tramitar para compatibilizar a protección ambiental e as actividades económicas***
- ***En Galicia estase a aplicar a Lei estatal 21/2013, coa cal se prolongan en exceso as avaliacións ambientais, o que provoca un atraso inxustificable da implantación de iniciativas para o desenvolvemento de actividades económicas e empresariais***

O Goberno galego vén de decidir iniciar a tramitación e redacción da que será a primeira e propia Lei de avaliación ambiental de plans, programas e proxectos. Así o acordou o Consello da Xunta na súa reunión desta mañá, co que se abre un período de consulta pública para que a cidadanía en xeral dispoña dun período en que trasladar as súas achegas e consideracións relativas a esta nova lei que pretende tramitar o executivo que preside Alberto Núñez Feijóo.

Galicia carece de normativa propia en materia de avaliación ambiental de plans, programas e proxectos, optando por aplicar na súa integridade a Lei estatal 21/2013. Non obstante, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda constatou que as avaliacións ambientais se prolongarán en exceso, o que provoca un retraso inxustificable na implantación de iniciativas necesarias para o desenvolvemento de actividades económicas e empresariais na Comunidade.

Asemade, este feito contradíse cos principios asentados pola lexislación aprobada en Galicia nos últimos anos para favorecer o emprendemento e axilizar a implantación de actividades industriais, como a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia ou a Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Neste sentido, a Xunta quere dotar a Comunidade dunha norma con rango legal que dea claridade, simplificación e axilidade á tramitación dos procedementos administrativos de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas e de avaliación de impacto ambiental de proxectos, e que achegue seguridade xurídica aos operadores económicos, sen minugar o elevado nivel de protección ambiental que marcan as directivas da Unión Europea aplicables, así como a lexislación estatal básica.

Entre os principais obxectivos que se pretenden acadar con este futuro texto normativo está clarificar os organismos e entidades aos que se debe dar traslado de consulta en cada caso e que será fixado por cada órgano substantivo; de xeito que se eviten demoras innecesarias,



como o feito de remitir novamente os informes e alegacións que se presentan para recoller a súa opinión.

Tamén se simplifican as avaliacións ambientais que se esixen pola existencia dunha posible afección á rede Natura. Deste xeito, no canto de comezar un procedemento administrativo dun mínimo de cinco meses de duración, regularíase que sexa un informe da dirección xeral competente o que sinale se hai ou non esa posible afección. De concluírse a inexistencia de afección, non sería necesario tramitar un procedemento de avaliación ambiental.

En definitiva, preténdese aclarar, simplificar e axilizar a tramitación das avaliacións ambientais e achegar seguridade xurídica, tanto á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia como aos operadores económicos privados, precisando mellor os trámites, prazos e efectos destes procedementos.

## **O SERGAS INVESTIRÁ MÁIS DE 70 MILLÓNS DE EUROS EN DOUS ACORDOS MARCO PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA DE PRÓTESES VALVULARES PARA CIRURXÍAS CARDÍACAS**

- ***O Servizo Galego de Saúde centraliza por primeira vez a adquisición destes produtos***
- ***Os prezos da licitación permitirán unha redución estimada dun 3,3% nas próteses aórticas e dun 2,9% nas próteses cardíacas***
- ***Cada ano, o Sergas implanta unha media de 1.800 próteses deste tipo***

O Consello da Xunta ven de autorizar a contratación de da subministración de prótese valvulares aórticas e próteses valvulares cardíacas con destino aos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. O valor estimado de ambos contratos, que se realizarán mediante acordo marco, é de 70.191.708 € (IVE non engadido), tendo en conta que o acordo marco pode durar ata 4 anos.

O Servizo Galego de Saúde contratará por primeira vez de forma centralizada a subministración sucesiva de próteses valvulares aórticas e cardíacas.

O obxectivo destas contratacións é garantir a subministración destes produtos implantables, dada a súa importancia na asistencia sanitaria, así como o seu aprovisionamento homoxéneo en todos os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde. Cada ano, nos centros do Servizo Galego de Saúde implántanse unha media de 500 válvulas aórticas percutáneas e de 1.300 válvulas cardíacas percutáneas.

### **Redución de arredor do 3% nos prezos de licitación**

Os dous expedientes de contratación autorizados esta mañá en Consello da Xunta suman un importe total de licitación de 16.085.600 euros anuais para os vindeiros dous anos e prorrogables por outros dous anos.

As próteses valvulares aórticas son empregadas no tratamento de pacientes con estenose aórtica severa e que non poden ser intervidos mediante cirurxía convencional por se considerados de alto risco ou non operables. Están destinadas a todos os hospitais con unidades de hemodinámica. O Servizo Galego de Saúde destinará a esta licitación un importe de 9.690.175 euros e incorpora un aforro anual estimado de 327.945 euros. Isto é, un 3,3% menos que os prezos medios actuais.

A outra contratación autorizada esta mañá en Consello da Xunta é a subministración de próteses valvulares cardíacas. Este material é empregado no tratamento de pacientes con distintas disfuncións das válvulas cardíacas como o prolapso da válvula mitral e a estenose aórtica. O importe anual desta licitación é de 6.395.425 euros. Isto supón un aforro anual de 188.137 euros, é dicir, un 2,9% menos que o importe valorado sobre os prezos actuais.

### **Fases da tramitación do acordo marco**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

O acordo marco supón a selección con varias empresas que se realiza mediante procedemento aberto.

Na primeira fase -de forma centralizada- valoráranse homoxeneamente, para todos os centros do Servizo Galego de Saúde, as mellores ofertas dentro de cada lote.

Na segunda fase, cada área sanitaria adxudica especificamente as próteses valvulares cardíacas que precisan. Isto permite elixir a mellor opción de acordo ás necesidades, estruturas e recursos de cada centro sanitario, respectando os principios de concorrencia, publicidade e transparencia que deben rexer a contratación pública.

## **A XUNTA PRESTARÁ ASISTENCIA TÉCNICA E FINANCIAMENTO AOS PROPIETARIOS FORESTAIS PARA GARANTIR A BOA GOBERNANZA E A SUSTENTABILIDADE DO MONTE**

- ***O Consello autorizou hoxe o inicio da tramitación do decreto que desenvolverá a Lei de montes no relativo aos contratos temporais de xestión pública e ao fondo de melloras, figuras que favorecerán a consecución de ambos obxectivos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto que desenvolverá a Lei de montes de Galicia no relativo aos contratos temporais de xestión pública e ao fondo de melloras. Mediante estas figuras, a Administración autonómica prestará financiamento previo e asistencia técnica aos propietarios forestais que subscriban os ditos contratos para a posta en valor dos seus montes. Os titulares dos terreos, pola súa banda, asumen o compromiso de devolver aquela porcentaxe do investimento que sexa cualificada como anticipo reintegrable e a remunerala cos xuros establecidos.

O obxectivo destas medidas é incidir na boa gobernanza dos montes e na súa xestión sustentable, tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental, ao mesmo tempo que se garante a seguridade xurídica para as partes asinantes, fomentando a colaboración público-privada nesta materia.

Segundo o anuario de estatística forestal de Galicia, no ano 2018 existían na nosa comunidade un total de 1.763 montes en que a Administración realizaba a xestión forestal, abrangendo máis de 275.000 hectáreas. Neles, a Xunta leva a cabo esa xestión ao abeiro de acordos coa propiedade a modo de convenios e consorcios, figuras ambas desenvolvidas ao longo do pasado século. Co paso do tempo, estes modelos foron quedando pouco acaídos para a realidade actual do monte galego, tanto no que atinxe á súa xestión e aproveitamento como en relación cos propietarios dos terreos.

Por este motivo, a Lei de montes de Galicia creou a nova figura dos contratos temporais de xestión pública, que este futuro decreto vai desenvolver. Este modelo de xestión está especialmente orientado cara a propietarios públicos ou privados de montes protectores, comunidades de montes veciñais en man común que carezan de recursos económicos e financeiros suficientes para afrontar unha xestión sustentable, así como para outras figuras de propiedade forestal, como son os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo, que se atopen en semellantes condicións.

Desta forma, a Xunta prosegue co desenvolvemento da Lei de montes, que vén realizando a través de normas como o decreto polo que se crea e regula o rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas, que acaba de entrar en vigor, tras a súa publicación no DOG. Tamén, mediante os decretos polos que se regulan o réxime xurídico das sociedades de fomento forestal e o seu rexistro, así como os aproveitamentos madeireiros e leñosos (cortas), de cortiza, de pastos e micolóxicos en montes e terreos forestais de xestión privada -este último en tramitación-, entre outros textos legais.

## **A XUNTA APLICARÁ XA OS INCREMENTOS SALARIAIS ESPECÍFICOS NA NÓMINA DE XANEIRO E FARÁ EFECTIVA A SUBA XERAL DO 2% EN CANTO O AUTORICE O GOBERNO CENTRAL**

- ***A Xunta xa incluíu nos orzamentos para 2020 un fondo específico para a suba salarial, que aplicará de xeito inmediato en canto teña habilitación do Goberno***
- ***En canto ás subas sectoriais, na nómina deste mes auméntanse os importes pola carreira profesional do Sergas e da Administración xeral***
- ***No ensino público, incrementase o complemento específico ao persoal docente***
- ***Na Xustiza, seguirase aplicando o aumento salarial pactado para os catro corpos***
- ***Tamén se procederá ao incremento retributivo para os axentes forestais e medioambientais e para os traballadores do Consorcio de Servizos Sociais***
- ***Todos estes incrementos foron negociados e pactados coas respectivas organizacións sindicais en cada organismo sectorial***

A Xunta de Galicia aplicará xa na nómina de xaneiro as subas retributivas específicas que foron pactadas coas organizacións sindicais, e fará efectiva a suba xeral do 2% ao conxunto dos seus empregados públicos en canto o autorice o Goberno central. En todo caso, a Xunta publicará a vindeira semana a orde de confección de nóminas para 2020, tal e como recolle un informe analizado hoxe no Consello da Xunta.

En canto á suba xeral, trátase da suba salarial acordada en 2018 polo Goberno de Mariano Rajoy coas organizacións sindicais CSIF, UGT e CC.OO. e que o Goberno galego incorporou no Acordo de concertación social asinado en xaneiro de 2019 cos sindicatos UXT-Galicia e CC.OO. de Galicia.

Esta suba salarial efectuarase a través do fondo retributivo que xa está dotado nos orzamentos da Xunta para 2020, que entraron en vigor o pasado 1 de xaneiro. Por tanto, a Xunta aplicará esta suba de maneira inmediata no momento en que a Administración xeral do Estado habilite o mecanismo correspondente. Ademais, esta suba xeral do 2% beneficiará todos os traballadores da Administración autonómica e terá efectos desde o 1 de xaneiro, polo cal xa está sendo devindicada polos empregados públicos galegos.

Ademais desta mellora salarial, a Xunta de Galicia tamén fará efectivas xa neste mes de xaneiro outras melloras salariais de ámbito sectorial que son froito da negociación colectiva e que proceden de distintos acordos asinados coas organizacións sindicais durante o período de recuperación económica. Estes acordos xa se comezaron a aplicar en exercicios anteriores e teñen prevista unha anualidade de incremento no ano 2020.

### **Subas de ámbito sectorial**

En primeiro lugar, a Xunta xa aplicará na nómina deste mes as melloras salariais correspondentes á aplicación do réxime de carreira profesional do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e da Administración xeral.

En concreto, no ámbito do Sergas incrementarase ata o 100% o importe correspondente á carreira profesional, o que supón un aumento anual de entre 1.227,84 e 305,94 euros, en función da categoría á que pertence o persoal sanitario, tal como reflicte a orde do 20 de xullo de 2018 pola que se publica o Acordo sobre as bases da carreira profesional. Na actualidade, máis de 20.500 traballadores do Sergas teñen recoñecido algún dos catro graos da carreira profesional.

Tamén na sanidade pública a nómina de xaneiro recollerá igualmente as retribucións adicionais do persoal dos puntos de atención continuada (PAC), tanto do persoal médico coma do persoal de enfermaría. Estes incrementos foron pactados en xullo de 2019 e inclúen unha suba en conceptos de nocturnidade, festividade e xornada complementaria.

Ademais, desde a nómina de xaneiro tamén se incrementará, de acordo co pactado coas organizacións sindicais, o importe do complemento de carreira profesional na Administración xeral, a cuxo réxime extraordinario xa están acollidos máis de 11.500 empregados públicos. O incremento en termos anuais vai dos 822,3 aos 382,2 euros, en función do subgrupo ao que pertence o empregado público, e trátase da contía recollida no Acordo de concertación social asinado entre a Xunta e as organizacións sindicais en xaneiro de 2019.

### **Ensino público**

No ensino público, a nómina do mes de xaneiro xa incluírá o incremento do complemento específico ao persoal docente, o que supón un incremento anual de 350 euros para uns 30.000 empregados públicos. Este acordo foi tamén subscrito coas organizacións sindicais, aplícase desde outubro de 2018 e rematará en xaneiro de 2021, cando todas as subas quedarán consolidadas.

### **Xustiza e axentes forestais e ambientais**

No ámbito da Xustiza, a nómina de xaneiro tamén recollerá a última fase do acordo sindical adoptado no mes de maio de 2018 e que beneficia os catro corpos (médicos forenses, xestión, tramitación e auxilio xudicial). Este acordo establece para 2020 un incremento salarial anual de entre 344,4 e 300 euros, en función do tipo de corpo, e beneficiará uns 2.800 empregados públicos.

En canto aos axentes forestais e ambientais, o acordo subscrito con estes colectivos –que se vén aplicando desde o 1 de xaneiro de 2018- implica o incremento dun nivel dos postos e o incremento do seu complemento específico, o que suporá un incremento salarial anual de entre 865,6 e 716,5 euros, e beneficia uns 500 traballadores.

### **Consortio de Igualdade e Benestar**

Tamén neste 2020 se fai efectiva a anualidade correspondente ao acordo asinado en 2017 para a equiparación das condicións retributivas do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar co persoal laboral da Xunta de Galicia, a través da súa integración no V Convenio colectivo único. Isto supón un incremento salarial anual de entre 1.268,8 e 812,9 euros, e beneficiará máis de 2.000 empregados públicos.



## **A XUNTA ACTIVA APOIOS POR PRETO DE 24,5 M€ PARA AXUDAR OS AUTÓNOMOS A EMPRENDER, CONSOLIDARSE, CREAR EMPREGO E CONCILIAR**

- ***A Consellería de Economía, Emprego e Industria publicará nas próximas semanas os programas con que se prevé beneficiar máis de 7000 autónomos e traballadores e arredor de 545 empresas***
- ***Entre as iniciativas que se poñen en marcha por primeira vez destacan o bono de Nova Oportunidade e o Bono Renova, que facilita a transmisión xeracional, e que contan cada un cun millón de euros***
- ***A convocatoria a que se destinan máis recursos é a de axudas para apoiar a posta en marcha de novas iniciativas e a consolidación das existentes mediante a incorporación de traballadores, con 13,6 M€***
- ***O Bono Autónomo ten un orzamento de 5 M€, un millón máis que na anterior edición, para apoiar os emprendedores na mellora competitiva dos seus negocios***
- ***Estas medidas encádranse na estratexia Autónomo 2020, a través da cal se achega apoio integral a un colectivo do cal forman parte un de cada cinco traballadores galegos***

A Xunta vai activar nas próximas semanas axudas por preto de 24,5 millóns de euros para impulsar a creación de emprego autónomo e axudar as persoas que traballan por conta propia a consolidar os seus negocios, crear emprego e conciliar a vida familiar e laboral. En total, con estas medidas espérase beneficiar máis de 7000 autónomos e traballadores e a arredor de 545 empresas, achegando un apoio integral a este colectivo clave para a economía galega.

Entre as iniciativas que se poñen en marcha por primeira vez destaca o bono de Nova Oportunidade, para o cal se dispón dun millón de euros e que facilita que volvan emprender autónomos que estiveron á fronte de iniciativas que non foron adiante. Tamén se activa o Bono Renova, dotado cun millón de euros, que facilita a transmisión xeracional dos negocios. Ademais, a través dun acordo de colaboración coa Fundación Ronsel ao cal se destinarán 250.000 euros, desenvolverase un proxecto piloto de *mentoring* para autónomos.

A axuda do bono Nova Oportunidade está destinada a persoas que estiveron dadas de alta como autónomos, que cesaron na súa actividade e van volver emprender un negocio. Por un lado, concédense 6000 euros como apoio ao emprendemento e, por outro lado, ata 6000 euros para formación e *mentoring*.

En canto ao Bono Renova, está destinado ao traspaso dos negocios para impulsar a transmisión xeracional. Prevense axudas tanto para a persoa que cesa na súa actividade, con apoios por 5000 euros, como para o emprendedor que a retoma, con axudas de ata 29.000 euros que inclúen asesoramento, formación, inicio da actividade e creación de emprego.

A convocatoria a que se destinan máis recursos é a de axudas para impulsar o emprego autónomo e apoiar a consolidación do xa existente, con 13,6 millóns de euros, e coa

previsión de beneficiar 4000 autónomos e 125 empresas. Por unha banda, co obxectivo de facilitar a posta en marcha de novas iniciativas empresariais, establécense incentivos de 2000 euros para apoiar o inicio da actividade dos autónomos, duplicando a contía ata os 4000 euros para os menores de 30 anos, os parados de longa duración e as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

Esta mesma convocatoria inclúe tamén axudas para que os autónomos poidan contratar de xeito indefinido traballadores. Así, para a primeira persoa traballadora indefinida, as axudas van desde os 4000 euros aos 6500 nos casos de parados de longa duración e persoas con capacidades diferentes ou en risco de exclusión social. Para incorporar á segunda e terceira persoa traballadora indefinida, a axuda irá desde os 6.500 euros ata os 9000 euros. Como novidade, increméntase a intensidade das axudas eponse en marcha un novo bono de formación con 4.000 euros por persoa contratada.

Tanto nas axudas para os autónomos que se dan de alta como para os que realizan contratacións, as contías das axudas increméntanse nun 25% extra en cada un dos seguintes casos: se a persoa incorporada é unha muller, se se trata dun emigrante retornado, un maior de 45 anos ou no caso de que o centro de traballo estea situado nun concello rural. Así, os apoios poden alcanzar un máximo de 9000 euros para as persoas autónomas que inician a súa actividade e, no caso das contratacións indefinidas, as axudas poden elevarse ata os 20.250 euros.

### **Apoios á conciliación, a consolidación e as novas oportunidades**

Ademais da posta en marcha de medidas no ámbito da conciliación por maternidade e paternidade destinarase un orzamento de 2,6 millóns de euros para o programa encamiñado a apoiar a consolidación de pequenas empresas de nova creación e ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica.

A través desta iniciativa impúlsase, por unha banda, o fomento e consolidación do emprego nas pequenas empresas de nova creación, con axudas de ata 186.000 euros para o inicio da actividade e a xeración de emprego estable, a formación e a conciliación, con apoios para o financiamento da escola infantil dos fillos menores de tres anos. Por outro lado, e co obxectivo de dinamizar a vocación emprendedora da comunidade universitaria, as IEBT contan con axudas de ata 64.500 euros para a creación directa de emprego estable, a contratación de persoal técnico de alta cualificación e a posta en marcha do proxecto empresarial. Nesta convocatoria tamén se incrementan nun 25% as contías base naqueles colectivos con maior dificultade para atopar un traballo.

Ao Bono Autónomo destínanse 5 millóns de euros, un millón máis que na anterior convocatoria, para apoiar na súa consolidación os emprendedores que leven máis de 42 meses de traxectoria. Conta con dúas liñas de axuda, unha para a mellora da competitividade a través de diferentes servizos e outra para investimentos, con apoios do 80% do proxecto que se vai desenvolver e unha axuda máxima de 3000 euros por beneficiario.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Ademais, activarase unha convocatoria dotada con 200.000 euros para apoiar o movemento asociativo das persoas traballadoras autónomas, con axudas de ata 55.000 euros por entidade.

Estas medidas forman parte da Estratexia do autónomo 2020, a través da cal a Xunta achega un apoio integral a un colectivo do cal forman un de cada cinco traballadores galegos. Galicia é a comunidade con maior peso deste colectivo no total de afiliacións e un referente cando se fala de consolidación do emprego autónomo: o 73,9% dos autónomos leva máis de 3 anos, 6 puntos por enriba da media estatal (67,9%).

## **GALICIA AUMENTARÁ ENTRE 2019 E 2020 A POTENCIA EÓLICA INSTALADA EN MÁIS DUN 15% GRAZAS AO IMPULSO QUE SUPUXO PARA ESTE SECTOR A LEI DE IMPLANTACIÓN EMPRESARIAL**

- ***Ao longo do 2019 puxéronse en marcha 18 proxectos eólicos, o que supón incrementar a potencia instalada en 415,24 MW e superar, así, os 3800 MW totais***
- ***O investimento destes proxectos ascende a máis de 509 millóns de euros xerando durante a súa construción preto de 2400 empregos***
- ***Este ano está previsto achegarse aos 4000 MW coa incorporación de seis novos parques e unha repotenciación***
- ***Desde o ano 2009 puxéronse en marcha 42 proxectos de parques eólicos -39 novos parques e 3 repotenciacións-, o que supón un incremento de 671MW novos de potencia en funcionamento, dos cales o 58,4% corresponden á anualidade 2019***
- ***A Xunta espera que o Goberno central teña entre as súas prioridades a convocatoria de novas poxas de renovables para garantir que este sector siga medrando en Galicia e facilite unha verdadeira transición enerxética xusta e ordenada***

Galicia aumentará -entre 2019 e 2020- a súa potencia instalada nun 15,2% grazas ao impulso que a Lei de implantación empresarial -que entrou en vigor a finais de 2017- supuxo para o desenvolvemento do eólico na Comunidade. Así se extrae do informe presentado hoxe en Consello da Xunta sobre o balance do sector nos últimos anos.

Ao longo de 2019 puxéronse en marcha un total de 18 proxectos eólicos cunha potencia instalada de 415,24 MW, o que permitirá superar os 3800MW -en concreto, 3803,55-. Cun investimento de 509 millóns de euros, a construción destas infraestruturas deu emprego a preto de 2400 persoas.

Ao longo deste ano, poderían entrar en funcionamento outros seis parques eólicos e unha repotenciación que suporía un incremento de 143,55MW, co que Galicia chegaría a preto de 4000 MW de potencia eólica en 187 parques. A isto hai que sumar que a Comunidade puxo en marcha en 2019 o maior proxecto de enerxía fotovoltaica de Galicia con 1,5 MW de potencia en Vilardevós (Ourense) e o próximo inicio da actividade dunha planta de biomasa de 49,9MW en Curtis (A Coruña).

O compromiso do Goberno galego co fomento das enerxías renovables e co obxectivo de contar cunha Galicia cada vez máis verde está permitindo que o sector eólico estea de novo en alza en Galicia, tal e como demostran os datos, xa que desde o ano 2009 a Comunidade puxo en marcha 42 proxectos de parques e sumou 671,03MW, dos cales o 58% entraron en funcionamento no ano 2019.

Esta situación é o resultado da combinación de varios factores. Por unha parte, o novo marco normativo que estableceu a Xunta a través da Lei de implantación empresarial e que permitiu a creación da declaración de especial interese para dotar dunha maior axilidade os

proxectos sen perder as máximas garantías urbanísticas, técnicas e ambientais, así como a simplificación e racionalización do procedemento. Por outra parte, a aprobación das Directrices enerxéticas de Galicia e o seu compromiso co impulso das enerxías renovables. E, por último, Galicia soubo aproveitar a oportunidade que supuxeron as poxas de renovables promovidas polo Goberno de Mariano Rajoy. Por iso, unha das prioridades marcadas pola Xunta para o novo executivo é a convocatoria de novas poxas de renovables que permitan garantir o impulso deste sector e facilitar unha verdadeira transición enerxética xusta e ordenada.

## **A XUNTA PROMOCIONA GALICIA CON MÁIS DE 100 ACCIÓNS EN 31 PAÍSES E DUPLICA A CIFRA DE TURISTAS ESTRANXEIROS EN SÓ UNHA DÉCADA**

- ***A Consellería de Cultura e Turismo presentou hoxe un informe co balance da actividade promocional que se realizou do destino galego durante o ano 2019***
- ***Participouse en 47 feiras e workshops, das cales un 70% se levaron a cabo no estranxeiro, en países de Europa, América, Asia e Oceanía***
- ***O Camiño de Santiago e o Xacobeo 2021 tiveron presenza destacada e o número de seguidores nas redes sociais medrou un 30%***
- ***Na falta de contabilizar os datos de decembro, Galicia supera xa os 1,4 millóns de turistas estranxeiros e podería rematar o ano batendo récords en distintas variables***

A actividade promocional da Xunta de Galicia segue dando os seus froitos. Así o reflicte o balance das accións de promoción do Goberno galego, un documento que hoxe analizou o Consello da Xunta e que constata que durante o ano pasado se realizaron máis de 100 accións de promoción en máis de 30 países. A acción neste eido por parte do executivo autonómico conseguiu dar resultados tanto a medio como a longo prazo, tal e como se reflicte no balance do turismo estranxeiro da última década, un segmento de mercado que duplicou a súa presenza na Comunidade, pasando de máis de 700.000 turistas internacionais no 2009 aos 1,4 millóns que chegaron a Galicia ata o pasado mes de novembro.

O informe presentado hoxe tamén revela que estas accións están contribuíndo a consolidar e fidelizar os principais mercados emisores, en especial con Portugal, Alemaña, Francia, Italia ou Reino Unido, así como a ampliar e diversificar os mercados con máis potencial, en países asociados a recursos como o Camiño de Santiago, os cales contribúen a reducir a estacionalidade e os que se vinculan a unha maior rendibilidade como Corea, China, Rusia ou mesmo Australia. O principal exemplo neste ámbito é o mercado americano, que fai só unha década achegaba uns 23.000 viaxeiros e que na actualidade se sitúa por enriba dos 115.000.

De xeito paralelo, a Xunta tamén está a traballar para mellorar e consolidar o posicionamento de Galicia nos mercados nacionais con accións que capten o turismo de proximidade a través de produtos asociados ao turismo urbano, de natureza ou rural, entre outros.

A actividade promocional en 2019 dá continuidade ao traballo emprendido nos últimos anos para reforzar a visibilidade dos recursos, produtos e empresas do sector turístico galego tanto nos mercados nacionais como internacionais poñendo en valor as particularidades das catro provincias, das principais cidades, dos xeodestinos galegos e, en definitiva, de todas as zonas do territorio galego.

### **Accións promocionais nos principais países**

En 2019 a Xunta participou en máis de 100 accións promocionais en máis de 30 mercados destacando España, Países Baixos, Finlandia, Francia, Irlanda, Bélxica, Italia, Alemaña,



Rusia, Portugal, China, Corea, Polonia, Reino Unido, Australia, Singapur, Xapón, EEUU, Brasil, Suecia, Eslovenia, Kuwait, Austria, Xapón, Dinamarca, Arxentina, Filipinas, Luxemburgo, México ou Suíza ou Canadá.

De todas estas accións destaca a participación en feiras e *workshops*. Foron un total de 47, das cales o 70% foron de ámbito internacional. A Comunidade galega estivo presente nos principais certames turísticos do mundo, entre os que salientan a Feira Internacional do turismo de Madrid, Fitur, a ITB de Berlín ou a World Travel Market de Londres e nestas dúas últimas reforzouse a relación co sector turístico galego e cos xeodestinos xa que se tivo unha presenza conxunta cun espazo singular en ambas.

Galicia tamén ampliou a rede de contactos profesionais en feiras especializadas en recursos e produtos desestacionalizadores. Destacaron as feiras relixiosas onde o Camiño de Santiago e o Xacobeo 2021 tiveron gran protagonismo, pero tamén se participou en certames vinculados ao turismo náutico, como o Salón náutico de París; o turismo de natureza ou o ornitolóxico, con presenza nas principais feiras do sector.

A promoción internacional reforzouse con presentacións do destino ante operadores turísticos de Rusia, Polonia, Países Baixos, Luxemburgo, Italia, Portugal e Australia; a participación en xornadas directas para profesionais do turismo en Kuwait ou a impartición de cursos de capacitación para operadores turísticos do Brasil. Tamén se participou en certames singulares como o Hampton Court International Flower Show, no Reino Unido, cun xardín galego de camelia de inspiración indiana que obtivo a medalla de prata e organizáronse exposicións sobre o Camiño de Santiago en Nova York, Bruxelas, Portugal ou Polonia.

En colaboración coas oficinas de turismo de Turespaña a Xunta impulsou en 2019 un total de 27 viaxes a Galicia para ofrecer un mellor coñecemento dos diferentes recursos e produtos galegos que contou coa participación de máis de 120 participantes entre operadores turísticos, profesionais de axencias de viaxe e medios e publicacións especializadas. Para mellorar e consolidar o posicionamento de Galicia nos mercados nacionais participouse en numerosas feiras en España e impulsáronse produtos de especial interese en eidos como o enoturismo e o turismo rural, entre outros.

### **Un maior peso do turismo internacional**

Todas estas accións promocionais están a demostrar a súa efectividade e a contribuír á positiva evolución do turismo en Galicia. Así, na última década o número de viaxeiros medrou en Galicia un 26%.

No caso específico do turismo internacional, a evolución foi moito maior. Experimentou un crecemento do 96% na última década, pasando dos 714.000 viaxeiros internacionais que o Instituto Nacional de Estatística (INE) contabilizou en 2009 aos máis de 1,4 millóns de 2019. É dicir, que nunha década a cifra de turistas internacionais multiplicouse por dous, unha cifra que medrará posto que aínda quedan por contabilizarse os datos correspondentes ao mes de decembro do pasado ano.

Tamén é maior o peso deste mercado. Hai dez anos o turismo estranxeiro supoñía apenas o 15% do turismo que chegaba a Galicia e a día de hoxe acada o 24%. Por mercados, Europa continúa a ser o principal emisor con países como Portugal, Alemaña, Francia e Italia, pero destaca o comportamento dos Estados Unidos, que cada vez gaña en número de viaxeiros.

### **Reforzo da promoción en liña**

A promoción de Galicia tamén se estendeu ás redes sociais, dando resposta ás novas necesidades dos viaxeiros. Creáronse máis de 3.000 publicacións de imaxes e contidos editoriais para promover a oferta turística galega e Camiño de Santiago nos perfís de Turismo de Galicia en Facebook, Twitter e Instagram, ademais de máis de 100 vídeos de contidos turísticos e do Camiño de Santiago na canle de Youtube. O ano 2019 pechouse con máis de 300.000 seguidores nestes perfís, o que supón un crecemento dun 30% en relación co ano anterior, e máis de 2 millóns de visualizacións dos vídeos.

Ademais, a web de Turismo de Galicia obtivo máis de 2,2 millóns de visitantes, un incremento do 9,44% con respecto a 2018 e a de información e divulgación específica sobre o Camiño de Santiago recibiu preto de medio millón de visitantes, o que supuxo un incremento de máis do 56%. En ambos os casos destacan visitas ás webs desde España, Portugal, Italia, Francia, Alemaña, Estados Unidos, Brasil, Reino Unido ou Suíza.